

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS
DE GALICIA E O INSTITUTO GALEGO DA CALIDADE ALIMENTARIA PARA A XESTIÓN
CONXUNTA DE RECURSOS ELECTRÓNICOS DE INFORMACIÓN CIENTÍFICA**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Presidente do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia declara:

Que Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (en adiante BUGalicia) é unha entidade pública que, de acordo cos seus estatutos, concibiuse esencialmente para mellorar a calidade dos servizos das bibliotecas das universidades galegas a través da cooperación entre bibliotecas tendo como obxectivos, entre outros, o de crear e xestionar o servizo de publicacións electrónicas e bases de datos referenciais, e de adquirir recursos documentais a través de contratos de subministracións de publicacións mediante convocatorias públicas comúns ás tres Universidades, incrementando deste xeito a efectividade da investigación e da ensinanza ao aumentar os recursos bibliotecarios dispoñibles.

Que o Instituto Galgo da Calidade Alimentaria (en adiante INGACAL) é un ente de dereito público, adscrito á Consellaría do Medio Rural, creado no ano 2005, pola Lei 2/2005 do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega cuxo obxecto é a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico no sector alimentario.

Que o INGACAL, solicitou a súa incorporación como membro asociado de BUGalicia; o que foi aprobado na reunión do Consello de Goberno de data de 6 de maio de 2015. Dado que a definición de membro asociado non leva consigo ser membros de pleno dereito, nin ter ningún poder de decisión dos órganos de goberno ou calquera outro do citado consorcio que non sexa a colaboración e cooperación anteriormente indicada; non leva aparelado por si mesmo ningún gasto nin contraprestación económica para ser membro asociado, debendo concretarse estes en virtude dos convenios de colaboración que se vaian realizando.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre BUGalicia e o INGACAL na xestión conxunta de recursos electrónicos de información científica que resultan básicas para o desenvolvemento do traballo científico.

Que o instrumento convencional ten unha vixencia:

Que abrangue dende o 01/01/2018 ata o 31/12/2018.

Que o instrumento convencional se fundamenta no seguinte:

A xestión centralizada de recursos electrónicos de interese científico a través de BUGalicia supón unha mellor posición fronte ao mercado, pois permite acadar acordos de maior envergadura dos que serían posibles a nivel individual, como un só ente diante do editor, o que reforza a capacidade de negociación á hora de obter beneficios no trato e unha mellora orzamentaria nos acordos de adquisición de información electrónica.

Esta colaboración posibilita que bibliotecas, centros de investigación e institucións educativas se beneficien dos servizos consorciados e da función de BUGalicia como central de compras, participando das licenzas de acceso contratadas por BUGalicia descritas no presente Convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asínase esta memoria:

En Santiago de Compostela a 19 de decembro de 2017.

**O PRESIDENTE DO
CONSORCIO DE BIBLIOTECAS
UNIVERSITARIAS DE GALICIA**

D. José Manuel García Vázquez